

PERICARDITIS FIBRINOSA CRÓNICA - BOVINO

NEOPLASIA MALIGNA DE CÉLULAS HEMATOPOYÉTICAS Y LINFOIDES



COMENTARIO DEL S.V.O.

Femia de 11 meses, procedente dun cebadoiro, mestiza, de 199 Kg en canal que presenta varias lesión. No rumen aparece a parede interna endurecida, como queratinizada, e coa perda total da mucosa normal. No corazón presenta unha pericarditis con adherencia ao pulmón. A canal quedou en observación ata dictame sobre o caso.

As imaxes que envías son compatibles con unha pericardite fibrinosa crónica, con resultado de esclerose e fusión do pericardio e epicardio que non ten risco sanitario de piemia na canal ao seren un proceso inflamatorio xa cicatrizado e resolto, con ausencia de exudados ou indicios de agudización. A lesión do rumen é suxestiva dun linfoma parietal, tumor maligno que prolifera na parede do rumen en forma de placa engrosada, blanquecina ou grisácea, de consistencia media, con tendencia á ulceración superficial; observáanse varias úlceras nas fotos, cubertas de secreción fibrinopurulenta de cor amarelenta; unha delas é bastante grande, redondeada, e perdeu a cobertura, presentando forma de cráter co fondo marrón escuro. Trátase dunha neoplasia maligna das células hematopoyéticas e linfoides, posiblemente linfocitos. En ausencia de complicacións (caquexia, edemas subcutáneos ou en cavidades, carnes hidrémicas, febre..) ou afectación sistémica da neoplasia a outros órganos ou linfonodos, o dictame debería ser o expurgo do rumen e corazón. En caso de complicacións, sen dúbida, decomiso total.

Ana Bravo Moral
Dpto. Anatomía Patolóxica – Facultad de Veterinaria